

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/08	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	29 de XULLO de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata 22:00 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	NON
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	NON
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA non asiste: asuntos persoais. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN non asiste: asuntos persoais. JUANA LAGO PROL non asiste: asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

#### Favorable

#### Tipo de votación

Con respecto á aprobación da sesión ordinaria celebrada o grupo de Goberno indica que na transcripción da votación existe un erro no expediente 312/2020 no que realízase a procedente corrección para a aprobación da acta, quedando a votación do seguinte xeito:

- CO: 5 votos a favor.
- PP: 5 abstencións.
- BNG: 2 abstencións.
- PSOE: 1 abstención.

Incorporada á corrección no punto do expediente 312/2020, procédese á aprobación por unanimidade da acta da sesión ordinaria do Pleno do 27.05.2021.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

## C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS PLENO ANTERIOR:**
- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Con un mais que considerable tempo de atraso, en abril do 2021, moitos meses despois de que o puideron ter vostedes feito, sacaron a licitación as



actuacións incluídas no POS+ 2020. Polo que podemos ver na Plataforma de Contratación do Estado, dende ese mes de abril, no que finalizou o prazo de presentación de ofertas, non houbo adxudicación de ningunha desas obras e os veciños seguen sen poder desfrutar das actuacións pendentes.

- 1.- ¿Cando teñen pensado facer a adxudicación das obras do POS+2020?
- 2.- ¿Van ter que esperar os veciños por elas o mesmo que esperaron polo POS+2019, que se podían empezar a adxudicar a comezos do 2º semestre do 2019 e aínda están rematando varias actuacións nestes días.

Responde o Sr. González que en canto a primeira cuestión estase a reunir a mesa de contratación e o que se prevé é que estas obras estean adxudicadas ao longo do mes de agosto. En canto se sinala se imos agardar tanto, sinalar que se están a rematar as obras do POS complementario 2019 e lembrar que estas obras se trouxeron a finais de 2019 aquí. Recordarlle que cando este goberno chegou estíbese executando o POS 2018 a xuño de 2019 e os atrasos vanse acumulando e este é o motivo.

Intervén a Sra. Molinos indicando que non ve porque non se pode facer á licitación das obras do POS 19 aínda que se se estean executando as do 2018, non creo que haxa ningún impedimento para poder facelo.

Responde o Sr. González que si tiveramos moita xente poderíamos facer estes procedementos máis áxiles pero non temos tanto persoal e evidentemente acumúlase o atraso de atrás e que non se poidan sacar cando se queiran. En cuestión de licitación de obra pública este goberno sacou un montante moi elevado.

Intervén a Sra. Molinos que indica que non son vostedes nada áxiles, cando nos gobernábamos tíñamos menos traballadores dos que teñen vostedes agora e facíamos as cousas con moita mais celeridade.

Responde o Sr. González que a herdanza recibida é o que provoca isto.

**2ª PREGUNTA.** No Pleno Ordinario do mes de Febreiro pasado fixémoslle unha pregunta ao goberno sobre a retirada das proteccións dos contedores da estrada AC 196 ao seu paso por Pontenafonso, contestáronnos que os retiraran debido a que non pediran o correspondente permiso para a súa instalación á AXI, requireuselles a súa retirada por poñelos sen cumprir a normativa vixente, tamén nos dixeron que estaban estudando outra localización para instalalos de novo. Como vemos que xa



pasou bastante tempo dende aquela e non nos consta que lle deran solución ao asunto, queremos saber:

- 1.- ¿Empezaron a estudar o tema?
- 2.- ¿En que proceso se encontra a reposición das proteccións?
- 3.- ¿Cando teñen previsto volver a instalalas?

Responde o Sr. González que estamos aínda vendo que decisión tomar e neste lugar atópase condicionado a onde poderían estar os contedores, xusto detrás de onde estaban neste momento onde estaba unha fosa séptica. Estamos estudando e non queremos poñelos nun lugar que ao mellor máis adiante habería que facer obras. Polo tanto, estamos niso e agardamos decidir pronto onde se sitúan, os servizo de contedores e lixo seguen funcionando.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que celebra moito que nesta ocasión non conteste que é unha herdanza do anterior goberno.

**3ª PREGUNTA.** Con respecto á proliferación de baches nas estradas municipais queremos facerlle ao Goberno Municipal a seguinte pregunta:

- 1.- ¿Cantas veces saíu no último ano a Brigada de Obras do Concello a facer reparación de baches nas estradas municipais?
- 2.- De ter saído nalgunha ocasión, ¿en que lugares se actuou?

Responde o Sr. González que nesta cuestión o goberno o bacheo estámolo facendo por dúas vías, pola nosa brigada así como contratando unha empresa que o fai. Si que a nosa brigada o fixo unha vez en febreiro e actuou en Vilar de Outes, pista entre Carleo e Mirás, Terelle e Cures.

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1:** En relación o que falamos fai uns instantes, coa empresa que organizou o Atardecer 2019:

- A canto ascende a cifra que facturou para organizar este evento ?
- En que consistiu, detalladamente, este traballo?
- Parécelles normal ter un Concelleiro a soldo que externalice o seu traballo en empresa privada?



Responde o concelleiro o Sr. Ramos que indica que a cifra da factura foi 5.978€ máis IVE. E consistiu nunha pequena parte na coordinación e na xestión do evento e a comunicación e difusión da actividade, o resto ao alugueiro do mobiliario para mercado artesanía, do mobiliario para espazos de obradoiros e camerinos, aluguer dos dous aseos portátiles, o servizo de vixilancia, o deseño, impresión e produción da cartellaría, a contratación dun DJ e o alugueiro dunha batería para os concertos.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que pregunta se pode aclarar cal é a contía exacta con respecto á coordinación e xestión. Responde o Sr. Ramos que sabe que estivo entorno aos 1.000€ máis IVE máis ou menos.

Con respecto á última pregunta, isto foi de forma excepcional debido a que no último ano acabamos de entrar e houbo que preparar as festas patronais e como estabamos no verán estas datas son de moitos eventos e obrigan que fagan reservas previas e a única forma era esta.

Intervén a Sra. Suárez que indica que entenden que entón non vai ser esta a dinámica habitual. Ao que lle responde o Sr. Ramos que como pode ver nos dous anos que levamos aquí foi na única ocasión que ocorreu. Indica o Sr. Núñez que como comprenderán ter un concelleiro cunha dedicación parcial para facer un traballo e nada máis entrar ten que contratar a unha empresa, cando menos o que amosa é incompetencia no que se refire a coordinación. Contesta o Sr. Ramos que vostede non quere entender o que se lle está explicando.

**PREGUNTA 2:** Vostedes o concepto de transparencia como o entenden? Porque se lle preguntamos por unha cuestión en concreto, porque non nos dan esa información? E que acaso non entenden o contexto das cousas? Porque non nos dan máis información? Entendían perfectamente a información que queríamos ter, porque non nos deron esa información?

Responde o Sr. Ramos que non ten moito que explicar, vostedes preguntaron se había un contrato e entendemos que preguntaban se había un contrato escrito, un contrato escrito non o hai e no seu momento se lle respondeu que non o había.

Toma a palabra a Sra. Suárez para indicar que cre que non é que nós non entendemos e no contexto estaba claro e tivémolo que preguntar tres veces. Responde o Sr. Ramos que o BNG preguntou por unha cousa contestóuselle e agora preguntan por outra cousa e contéstaselle. Non temos nada que esconder e que o Sr. Núñez como vostede di nalgunha ocasión creo que debería retirar a palabra de incompetente sobre a miña persoa.



**PREGUNTA 3:** En relación coas obras de Humanización da rúa da Capela, que por fin comezaron, case dous anos despois de aprobalas no Pleno, temos varias cuestións:

- Parécelles normal que comecen xusto en tempada alta nunha das rúas que máis baixos comerciais ten en todo o Concello?

Responde o Sr. González que parécenos que ten máis sentido facelas no verán que no inverno, xa que, no inverno hai máis choiva. Se non estaban contratadas foi porque veu un primeiro trimestre 20121 desastroso e posteriormente dar cumprimento a unha moción que se aprobou aquí.

- Porque non intentaron atrasar ou adiantar? Se podían comezalas antes, porque quero lembrar vostede deu unha rolda de prensa en novembro anunciado que nas vindeiras semanas ían comezar entre outras actuacións a de esta rúa. Porque xusto comeza agora en xuño? Non teñen capacidade ningunha de convencer á empresa de adiantar ou atrasar? Porque, xa que, esa rúa leva esperando case dous anos a que se acometan esas obras, ben se podería esperar a que pasara cando menos a tempada alta e non afectara aos negocios, que xa bastante están pasando neste momento.

Responde o Sr. González que xa comentou que hai que facelas en tempada idónea. Toma a palabra o Sr. Núñez que parece que non sabe como funcionan os comercios en Outes, xa que, o forte para a actividade económica na Serra é no verán, cando máis afluencia de xente e cando máis investimento nos negocios. Vostedes comezaron as obras na rúa con mais comercios xusto no verán, non podían comezar a mediados de agosto ou mediados de abril. Unha obra pódese face perfectamente en febreiro e agora quérannos facer crer que este é o mellor momento. Responde o Sr. González que indica que o BNG fixera cando se fixera ían protestar, esta obra vai potenciar a zona comercial do Concello.

**PREGUNTA 4:** Entendemos que certos procesos administrativos non son o rápido que nos gustaría, queremos felicitar ao goberno local a súa xestión sobre o uso do Sabardes o Freixo, o que nos gustaría saber é:

- Que teñen pensado facer con el e onde teñen pensado poñelo? Gustaríanos ter unha constancia pública e si teñen algún plan ou cal é a súa intención.



Responde o Sr. González que realmente estamos estudando como o imos expoñer ao público e se é necesaria algún tipo de restauración e cando tomemos a decisión farase pública. Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que alégrase de que lese a pregunta porque desmonta o que acaba de afirmar anteriormente, xa que, lle felicitamos e de que estamos convencidos de que a Rúa da Capela vai quedar moi ben e que modificasen a mesma para incorporar árbores como se lles pediu. Non digan que o único que facemos é criticar. Responde o Sr. González que se reafirma que o único que fai o BNG é criticar e de vez en cando fan algunha proposta interesante.

**PREGUNTA 5:** Xa fixemos algún rogo sobre o derrube parcial da casa parroquial de Outes que aínda segue alí, a nosa pregunta é:

- Fíxose algún trámite dende o Concello para adecentala zona ou para asegurar a integridade do edificio? Porque podería ser perigoso. Gustaríanos saber se houbo algunha actuación nese sentido e cando se vai actuar nesa zona?

Responde o Sr. González que o 15 de febreiro enviouse o informe sobre os danos por mor do temporal e enviouse unha carta ao arcebispado para a súa restauración ou demolición e ao mesmo tempo procedeuse ao valado da zona. Insisteremos co arcebispado.

**PREGUNTA 6:** Aínda reparei hoxe que se lembraron de colgar a bandeira LGBT no balcón e queremos felicitalos, igual que o ano pasado rexistramos unha moción entre outras cousas para facer unha declaración institucional pero tamén co espírito que dende o Concello se realizasen máis actividades neste sentido.

- Vai facer algo máis o Concello a parte de colgar a bandeira? Ou vai quedar simplemente neste xesto?

Responde o Sr. González que este ano que ademais desa cuestión simbólica fíxose algunha actividade máis como repartir material nalgunha andaina e mesmo no concilia. Entendemos que a cuestión simbólica é moi importante. Toma a palabra o Sr. Núñez que alégrase dos xestos pero pensamos que fan falta máis actividades e o que pedimos que tomen nota de que para o ano teñan unha programación máis complete e lle pedimos noutras cuestión a hora de concenciar á xente como a moción que trouxemos sobre a ludopatía. Responde o Sr. González que intentarán facer a maior cousas posibles.

- **Do Partido Socialista:**



**PREGUNTA 1:** Que se vai facer no terreo que hai na marxe dereita á saída da Ponte de Langaño cara Broña?

Responde o Sr. González que realmente é cara Noia, nos non somos titulares do terreo e preguntamos e acumulouse unha serie de terra e barro e despois estendeuse a problemática a Xunta que son os titulares.

**PREGUNTA 2:** Pensan vostedes limpar as praias da lonxe de Portosiavo?

Responde o Sr. González que estes días estiveronse limpando.

**PREGUNTA 3:** Sabendo que non é o Concello o responsable da concentración parcelaria, quixera saber, en que situación esta o proceso iniciado polo PP sobre S. Xulián de Tarás? Se mantén o Concello algún contacto coa administración para facer un seguimento? Se é así como está a situación actual?

Responde o Sr. González que saibamos o PP non comenzo ningún procedemento. En 2019 nós tivemos reunións con diversos organismos entre eles medio rural e interesámonos por estas cuestión e o que nos mostraron é que non o vían moi viable porque as concentracións están pensadas alí onde existe unha actividade agraria de certa dimensión e un volume grande de persoas que traballan nesta actividade.

### **PREGUNTAS ESCRITAS PARA ESTE PLENO:**

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** A obra da rúa da capela, obra que vostedes tiñan que ter atrasado ate o remate de tempada alta debido ao seu alto impacto na zona de máis locais comerciais da vila, vai avanzando e xa se está a proceder co enlousado das beirarrúas. Xustamente na parte superior da rúa quedan aínda 5 postes de luz de eucalipto pendentos de retirar mais, curiosamente, botouse o cimentado arredor dos mesmos en troques de extraelos para actuar correctamente. A que se debe isto? Vanse deixar os postes no medio da beirarrúa? Tamén é importante resaltar que nos últimos días o número de traballadores que está a enviar a empresa ronda os 2-3 facendo que a intervención se dilate no tempo. Cando teñen pensado rematar coas intervencións máis intrusivas?





Responde o Sr. González que en relación aos postes, son de telefónica, ten que ver coa obra que se está a realizar alí e tamén dan servizo a Fenosa. Seguimos facendo as xestións e que se proceda ao soterramento desa liña. Nós queremos que se realice pero os postes son de Telefónica. En canto a actuación máis intrusiva, polo que sabemos, e o que nos informan os técnicos é que a próxima semana xa se vai poder proceder o cimentado do piso do carril e se vai a rematar con lousado polo menos ata o cruce coa Rua de Curros Enríquez e o que vai quedar ese tramo xusto diante dese edificio en obras. O máis grosso vai intentarse facer esta semana.

**PREGUNTA 2.** En setembro do 2020 o BNG presentou unha moción sobre o abandono e a perigosidade das minas de San Finx. Consideramos este problema como unha ameaza de primeira orde para a nosa comarca e, por tanto, para o noso concello. Porén, non temos constancia de que o goberno cumprira co acordo facéndolle instancias a Augas de Galicia e á Xunta e trasladando o acordo municipal as administracións mencionadas no mesmo. Cumpriuse co acordo? Se a resposta é afirmativa, cando?

Responde o Sr. González que ese acordo o estivemos vendo que non foi traslado e agardamos que sexa trasladado mañá ou mais tardar o luns ás administracións competentes.

**PREGUNTA 3** -Deron comezo, finalmente, as intervencións para a demolición do tanatorio da Xurisdición. A que se debeu o atraso de máis dun ano dende a aprobación en pleno? Cando teñen previsto rematar?

Responde o Sr. González que esas actuacións non tiveron comezo, a retirada de material foi o propietario do tanatorio, nós comezaremos co derribo nestes días ou nas próximas semanas. Xa era para comezar pero o propietario pediunos dúas semanas para retirar unha serie de ventás e outros materias que tiña dentro. O atraso tamén ven dun proceso de licitación complicado. Supoño que nunha semana ou 10 días asinarase a acta de replanteo e levarase a cabo o derribo.

**PREGUNTA 4-** As dúas prazas de autocaravanas que vostedes quixeron meter con calzador na praia de Broña xa están en funcionamento. Gustaríanos saber o seguinte: Quen está a pagar os consumos eléctricos e/ou de auga e a canto ascenden ate o momento? Teñen algún tipo de rexistro ou estimación do uso das mesmas? Houbo algunha proposta de sanción? Por que estivo a policía local advertindo de que non se podía aparcar nas prazas lindeiras que NON son de autocaravanas?



Responde o Sr. González que comezando pola última cuestión vostede non debeu de ir por alí nos últimos días porque xa dende hai uns días hai unha frecha para indicar cales son as prazas. Non temos constancia de que a policía local sancionase a ninguén pero si que sancionou por aparcar na rúa que están destinadas autocaravanas. Os consumos eléctricos e de agua estanos asumindo o Concello e polo tanto non temos rexistro nin estimación.

**PREGUNTA 5** -Fixeron algún trámite ou pesquisa para solventar o problema coa liña de Monbus con parada na Ponte Nafonso?

Responde o Sr. González que o outro día fixemos as comprobacións sobre o problema e que o teléfono non funcionaba, chamouse e veuse que funcionaba e que podíamos pedir cita para a parada do día seguinte e polo demais coas limitacións que ten non temos constancia de ningunha problemática máis coa liña de Monbus.

Toma a palabra a Sr. Suárez para indicar se lle parece pouca problemática o das liñas de Monbus e resposta o Sr. González que fixeron unha serie de xestións que deu lugar a solventar en certo modo a frecuencia. Toma a palabra a Sra. Suárez que lle indica que esta faltando á verdade porque cando viñeron ao Pleno era a primeira noticia que tiña e disto fai tres plenos, así que dígame que xestión fixeron. O único que fixeron foi chamar á centralita de Monbus e comprobar se realmente funciona. É o que vostede acaba de responde. Cre vostede que os veciños desa zona que lles soluciona o non ter unha liña de autobús e vostedes ante a Consellería pensan ter a calada por resposta e darse por conformes. É vostede o máximo representante dos veciños de Outes non esta vostede para figurar e para saír en prensa. Para que o queremos a vostede como alcalde?

Responde o Sr. González penso que o diálogo con vostedes non hai maneira de telo.

**PREGUNTA 6** -Que xestións está a facer o goberno para evitar o desenvolvemento dun parque eólico no monte da Pena? Fíxose algún avance na declaración de ENIL do mesmo espazo? Cal é a situación actual de desenvolvemento deste parque en proxecto? En que situación se atopa o estudo arqueolóxico do que nos teñen falado?

Responde o Sr. González que a memoria descritiva xa esta completa incluído o estudo arqueolóxico, a nosa intención e aprobado no pleno, porque é requisito necesario, e despois ver como se pode conseguir autorización dos veciños propietarios para poder continuar o expediente. Xa que, a declaración de ENIL faino a Xunta de Galicia. En canto o posible proxecto de parque que de publicaba no DOGA a declaración de impacto ambiental, tivemos unha reunión coa directora



xeral de Enxenería e Minas xa que tiñamos a idea de que había unha sentenza xudicial que anulaba o concurso polo cal se concedan esas autorizacións. O que se nos dixo é que se lle esta dando continuidade ao procedemento e que en calquera caso son conscientes da sentenza e están pendentes de que os seus servizos xurídicos lle informen concretamente sobre este parque. Dende o noso punto de vista debería anularse.

Intervén a Sra. Suárez indicando que a declaración de ENIL nunha zona a fai a Xunta iso tiñámolo claro e temos claro que é o Concello de Outes o que ten que iniciar o proceso e xa fai como ano e medio que se lle solicitou. Ademais de reunirse coa secretaria da conselleira de minas ten vostede pensado presentar algún tipo de alegación? Un alcalde debería cuestionar como se permite dar continuidade ao procedemento que ten unha sentenza xudicial. Responde o Sr. González que alegase sobre un acto administrativo como a autorización.

**PREGUNTA 7** - Sabe o goberno das masas comúns existentes no noso concello? Por que non se están a manter o limpas que deberían?

Responde o Sr. González que temos 291 masas comúns e un total de 156 hectáreas e algunhas estanse limpando (cita algunhas das que se limparon) é certo que moitas delas non se limpam e é verdade que non incumpren a lei antincendios. Intervén a Sra. Suárez indicar que por masas comúns non se refire só aos desbroces e fai referencia ás franxas forestais e non cremos que sexa o único risco aínda que tamén. Tamén hai espazos comúns que precisan mantemento e adecentamento como os entornos dos locais sociais, que agora no verán utilízanse máis e as veces acceder a eles é difícil.

**PREGUNTA 8** - Fai dous anos estaba prevista a actuación nun vial en Cando de Abaixo, de feito vostedes trasladaron en pleno que a empresa xa cobrara, pero segue pendente de executar. Que teñen que dicir ao respecto? Cando pensan executar?

Responde o Sr. González que non sabemos a que actuacións se está referindo pero nós non temos ningunha actuación pagada que non este executada. Non me consta que eu dixera iso e non sei a que actuación se refire, non sei se se refire a que hai entre a casa dun concelleiro e outro e se é iso íase facer pero houbo unha serie de problemas. Entón veremos máis adiante se tamén falando cos veciños. As veces hai actuacións que queremos acometer pero temos que ter a conformidade dos veciños. Intervén a Sr. Suárez para aclarar que ese tramo foi metido nunha mesma



partida que no bacheado de abaixo. Procedan porque é necesario que actúen no lugar que da acceso á parte de abaixo da aldea.

**PREGUNTA 9** -Temos constancia de que non tiveron a ben buscar unha substitución para cubrir as vacacións do persoal da piscina municipal o que afectou ao uso normal das instalacións e sen previo aviso. Parécelles normal esta falta de previsión? Pengan seguir así ate final de mandato?

Responde o Sr. Gándara de que non se trata dunha substitución de persoal senón tamén para cubrir a renuncia voluntaria dunha das socorristas contratadas. Si que buscamos substitucións pero todos os socorristas estaban pendentes de incorporarse con contratos de socorristas de praia que lle resultaron de maior interese que cubrir na piscina. Por ultimo non me consta que afectase ao uso normal das instalacións mais alá dun pequeno atraso na apertura dun día puntual dun contratempo de traballador asinado para abrir a instalación.

Intervén o Sr. Núñez indicando que para socorrista de paria e piscina son dos titulacións distintas e contesta o Sr. Gándara que como posúen as dúas por iso renunciaron.

#### **-PREGUNTAS ORAIS:**

- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Varios veciños de diversas ubicacións do núcleo da Serra achegáronnos as súas queixas, e sobre todo a sua preocupación, porque ultimamente están a observar que na sua contorna hai unha grande proliferación de ratas.

1.- ¿Está o Goberno Municipal seguindo algún Plan para eliminación deste problema?

2.- De ser así ¿En que consiste dito Plan e con que frecuencia se executa?.

#### **7. ROGOS.**

- **Do PP:**

#### **1º ROGO**



Na pax. web do Concello cólganse os vídeos dos plenos, pero levan un tempo sen colgar as actas escritas, que son moi útiles para poder consultar con mais facilidade que nos vídeos. Rogámoslle que colguen na web as actas escritas.

## **2º ROGO**

Xa fai tempo que vimos observado, ademais de que no lo transmiten veciños de diferente núcleos, que os contedores de lixo están en moitas ocasións desbordados, con bolsas acumuladas e con unha considerable falta de limpeza na súa contorna, situación que ademais das deficientes condicións hixiénicas, da unha moi mala imaxe para os veciños e os visitantes. Polo tanto, rogámoslle ao Goberno Municipal que tomen as medidas necesarias para que isto non suceda. Para que os contedores non estean sempre cheos e que as súas contornas estean limpas.

## **3º ROGO**

Unha vez mais, e xa van 8 meses consecutivos cos seus respectivos plenos que o vimos facendo, vémonos na obriga de repetirle o rogo relativo as deficientes e lamentables condicións de limpeza en que se encontra a estrada municipal que une Entíns con Fontenlos. Consideramos que os veciños de Fontenlos e os demais usuarios deste vial non merecen ter que sufrir esta situación cada vez que transitan por ela e se cruzan con outro vehículo e se encontran con que ademais do estreita que en sí é a calzada, teñen a dificultade engadida de que as beiras están invadidas por desprendemento, case ao longo de toda a traza da estrada, e por maleza o que agrava a estreitura do vial. Rogámoslle que lle teñan consideración que me parece que lles merecen todos os veciños do concello e neste caso particular os de Fontenlos, e resolvan esta situación canto antes. Polo menos que teñan a vontade de ir a ver como está, porque é que se algún día xa foron e non fixeron nada ao respecto, eso xa sería o colmo dos colmos.

### **- Do BNG:**

#### **Parroquia do Freixo:**

-Chegáronnos queixas do abandono dalgúns viais pequenos no lugar de Braño que ocasionan problemas de limpeza e seguridade aos veciños xa que coas choivas escorrenta a terra. Rogamos que actúen para arranxalo.

-A estrada principal de entrada á Ribeira do Freixo presenta unha situación lamentábel. Rogamos que actúen para arranxala.



-A estrada de subida a Braño pola Moa, Zarzón e Siavo atópanse en moi malas condicións. Rogamos que arranxen os danos.

-Rogamos que actúen para arranxar as graves deficiencias que presentan os viais interiores da Moa e Catasueiro.

-A praia da lonxa estivo sen limpar ate esta mesma semana, consideramos isto unha falta total de planificación e deixadez tendo en conta que estamos a finais de xullo. Rogamos que deixen de improvisar e organicen a limpeza dos areas para comezos do verán.

-Outros areas do noso concello seguen agardando por unha limpeza a fondo xa non só este ano, se non dende fai moitos. Rogamos que o goberno organice e planifique a limpeza de todos os areas do concello incluídos os de Cotarín, Arnela, Picouso e Siavo.

-Na mazá interior da Ribeira do Freixo hai un problema recorrente coa limpeza e acumulación de augas pluviais. Isto crear graves problemas de salubridade ás vivendas lindeiras e próximas polo que se precisa dunha coordinación urxente por parte do concello. Rogamos que actúen para solventalo.

-O lavadoiro de Mosteiro, a fonte do Quinteiro e o muíño de Seara atópanse nunha situación lamentábel. Rogamos que o goberno tome cartas no asunto e protexa o noso patrimonio.

-Os restos da capela de San Bieito teñen un valor patrimonial moi elevado pero nunca se actuou nin se estudaron en detemento. Rogamos que se estuden e se actúe para a súa preservación.

-Calquera persoa que teña empregado as salas polivalentes da segunda planta do centro náutico Francisco Rama "Fufú" é coñecedor das súas maravillosas vistas pero tamén dos seus problemas acústicos. Unha solución que podería ser a máis económica e axeitada para o lugar sería a instalación dunhas cortinas de acondicionamento nas paredes opostas ás vistas. Rogamos que se estude o problema e se lle dea solución.

**Parroquia de Roo:**



-Chegáronnos propostas dos veciños de Viro e Xurisdición para crear sendeiros peonís e conectar os lugares. Rogamos que se realicen os estudos pertinentes.

-Rogamos que limpen o seo do lavadoiro de Bendimón.

-O espazo público de Bendimón segue nun abandono inaceptábel. Un espazo destas características poderíase arranxar con pouco investimento para o recreo e lecer dos veciños e poñer en valor o espazo natural-patrimonial que hai arredor do río. Rogamos que o goberno faga un estudo para adecentalo.

-A estrada entre cruceiro de Roo e Brión de Arriba, por riba do colexio, máis o vial entre a estrada xeral e Roo de Arriba presentan moitos baches grandes. Rogamos que actúen para arranxalos.

-Rogamos que entuben as pluviais no pequeno tramo de arró que hai entre a estrada xeral en Cruceiro de Roo ate o cruce con San Cosme.

-As beirarrúas do cruceiro de Roo, nomeadamente as que van camiño da Igrexa, están totalmente abandonadas. A herba medra sen control e hai moitas baldosas soltas. Rogamos que actúen para arranxalo e se encarguen de limpalas.

-Rogamos que limpen a fonte de Roo de Abaixo e os viais interiores do lugar.

-Rogamos que lle dean solución aos contedores de Roo de Arriba que se atopan enriba dun arró.

-A estrada do cristo dos Pombeiros presenta unha serie de baches importantes dende o lugar de Roo de Arriba. Rogamos que actúen para arranxalos.

-Rogamos que actúen para arranxar os danos no vial interior de Outón.

-Rogamos que procedan para limpar a fonte e ponte histórica de Bendimón.

-O palco da música de Santa Lucía segue no estado no que se deixou despois do roubo que sufriu hai preto dun ano. Dende o BNG seguimos apostando polo noso patrimonio e consideramos de vital importancia que o concello interveña para protexer unha arquitectura única en Outes. Rogamos que fagan as xestións necesarias co arcebispado para que se repare.



## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

*Remata a sesión ás 22:00 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=1AgDN5dyp7k>

